

ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ENTIDADE COMUNIDAD LOCAL HOGAR NUESTRA SEÑORA DE LA ASUNCION DE LA CONGREGACIÓN DE LAS HERMANITAS DE LOS ANCIANOS DESAMPARADOS PARA A ORGANIZACIÓN DA PRESTACIÓN FARMACÉUTICA NO CENTRO SOCIOSANITARIO RESIDENCIA NUESTRA SEÑORA DE LA ASUNCIÓN

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024 do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, dona Sor Amparo Campos Rodríguez, en representación da entidade COMUNIDAD LOCAL HOGAR NUESTRA SEÑORA DE LA ASUNCIÓN DE LA CONGREGACIÓN DE LAS HERMANITAS DE LOS ANCIANOS DESAMPARADOS con CIF: R3600102B e domicilio na rúa Mateo Sagasta, núm. 24, 36650 (Pontevedra), en calidade de representante legal da RESIDENCIA NUESTRA SEÑORA DE LA ASUNCIÓN, segundo consta nos Estatutos das Hermanitas de los Ancianos Desamparados.

Ambas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente acordo e para os efectos,

MANIFESTAN

I. O 6 de abril de 2022, formalizouse o *Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a entidade Comunidad Local Hogar Nuestra Señora de la Asunción de la Congregación de las Hermanitas de los Ancianos desamparados para a organización da prestación farmacéutica no centro sociosanitario Residencia Nuestra Señora de la Asunción.*

O obxecto do dito convenio é que a prestación farmacéutica ás persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde residentes no centro sociosanitario RESIDENCIA NUESTRA SEÑORA DE LA ASUNCIÓN se realice de xeito eficaz, eficiente, integrado e coordinado cos outros niveis asistenciais, tendo en conta o establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia e Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia.

E ten como obxectivos específicos:

- Garantir unha prescrición médica acorde aos criterios da Guía Farmacoterapéutica de centros sociosanitarios do Servizo Galego de Saúde.
- Proporcionar unha adecuada cobertura, conservación e custodia dos medicamentos e produtos sanitarios.
- Realizar unha dispensación responsable e eficiente dos ditos produtos.
- Proporcionar información pertinente sobre a súa utilización e outras accións convenientes que fagan que a atención farmacoterapéutica sexa máis segura e racional, tanto desde o punto de vista asistencial como da saúde pública.
- Facilitar o labor asistencial sanitario prestado ás persoas residentes do centro, na prescrición de medicamentos e produtos sanitarios.

II. A cláusula décimo terceira do citado convenio, sinala que:

O presente convenio terá vixencia de 4 anos, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

Por todo o anterior, tendo en conta os fins acadados durante o tempo de vixencia do convenio e a necesidade de continuar coa colaboración indicada, en virtude do disposto na cláusula citada, as partes asinantes.

ACORDAN:

Prorrogar expresamente, o "Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a entidade Comunidad Local Hogar Nuestra Señora de la Asunción de la Congregación de las Hermanitas de los Ancianos desamparados para a organización da prestación farmacéutica no centro sociosanitario Residencia Nuestra



Señora de la Asunción"; para que ambas partes continúen prestando a súa colaboración por un período de catro anos máis.

E en proba de conformidade, asínase o presente acordo de prórroga, en duplicado exemplar no lugar e data anteriormente indicados,

Conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde



Antonio Gómez Caamaño

Pola entidade Comunidad local Hogar Nuestra Señora de la Asunción de Congregación de las hermanitas de los ancianos desamparados



Amparo Campos Rodríguez